

Expediente IET: P-21-738
Proxecto: Modificación do parque eólico Canedo
Concello: Alfoz e Mondoñedo (Lugo)
Promotor: Galfor Eólica, S.L. (B-270259098)

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 11/11/2021 o Servizo de Enerxía e Minas de Lugo achega ao Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación relativo ao proxecto de Modificación do parque eólico Canedo.

1. Antecedentes:

Con data do 28/10/2021 o IET emitiu un informe de impacto e integración paisaxística, de acordo co previsto no artigo 11.3 da Lei 7/2008. Nese informe indicábase que o estudo de impacto de integración paisaxística (EIIP) elaborado non se axustaba ao disposto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e ao Regulamento da Lei 7/2008. Así mesmo facíanse unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

3. Informe:

Na contestación ao anterior informe do IET, a empresa promotora achega un novo EIIP que incorpora a maiores un estudo de sinerxías, a xustificación dos obxectivos de calidade paisaxística e das directrices de paisaxe de aplicación, unha análise dos afloramentos rochosos do ámbito, así como novas infografías dende os núcleos mencionados no informe, ao tempo que achega medidas para mitigar a afección aos núcleos e aos valados tradicionais.

Respecto aos afloramentos rochosos, a análise feita pon de manifesto que non se produce unha afectación directa, agás puntualmente na posición C2. En calquera caso, a proximidade



do aeroxerador C3 a un importante afloramento afecta ao seu valor paisaxístico así como á panorámica do cumio dende os puntos de observación situados cara ao leste.

Formalmente pode considerarse cumprimentado o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto, como son as de reposición de valados tradicionais que se poidan ver afectados ou a de creación de barreiras vexetais nos núcleos de poboación no caso dunha manifesta preocupación social.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

